

## Documentos imprimibles

### Unidade 8: Segunda metade do século XIX: o Realismo e o Naturalismo

#### Índice de contidos:

1. As innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a súa influencia na creación literaria: Marx, Darwin e Freud
2. Da narrativa romántica ao Realismo en Europa
3. Literatura e sociedade
4. Evolución dos temas e das técnicas narrativas do Realismo
5. Principais novelistas europeos do século XIX
  - 5.1. En Francia
  - 5.2. En Inglaterra
  - 5.3. En Rusia
  - 5.4. En Italia
  - 5.5. En Alemaña
  - 5.6. En Portugal
  - 5.7. En Brasil
  - 5.8. En Hispanoamérica
  - 5.9. En España
  - 5.10. En Galicia
6. Os personaxes femininos nalgunhas das obras máis representativas
7. Selección de textos [material de obrigada lectura]

## 1. As innovacións filosóficas, científicas e técnicas, e a súa influencia na creación literaria. Marx, Darwin e Freud

O século XIX está marcado politicamente pola aparición do *Liberalismo*, que declara como ideal a liberdade absoluta para todo e para todos. O liberalismo, levado ás súas últimas consecuencias, conduce ao nihilismo e á anarquía, pero, interpretado con rectitude, leva á democracia e á intervención do pobo no goberno por medio do voto.

### Nihilismo

Do latín *nihil* ('nada') e ismus ('doutrina, movemento, práctica') é a *actitude* filosófica –posto que non é unha tendencia filosófica estritamente definida– de negación de todo principio, autoridade, dogma filosófico ou relixioso. O nihilismo é unha posición filosófica que argumenta que o mundo, e en especial a existencia humana, non posúe de maneira obxectiva ningún significado, propósito, verdade comprensible ou valor esencial superior, polo que non nos debemos a estes.

### Anarquía

Deriva do grego ἀναρχία, do prefixo αν ('non'), e a raíz da palabra αρχη ('principio, poder, autoridade'). Designa a ausencia de poder público, é dicir, a situación política ou social en que ningún individuo exerce poder coactivo ou autoridade forzada, sobre outros. As connotacións da palabra varían drasticamente segundo se considere esta ausencia de autoridade como a orde libre desexable ou ben como un caos para evitar.

Este século presencia a progresiva desaparición do absolutismo e o nacemento do constitucionalismo ou goberno conforme a unha lei fundamental: a Constitución.

Varios movementos nacionalistas conseguiron o seu obxectivo de unificar a nación, esporeados pola actitude belicosa de Napoleón.

A solución a todos os males da nación vai vir da man do Parlamentarismo, que considera que as asembleas (congresos e senados) resolverán todas as dificultades que aos estados lles puideran sobrevir.

Economicamente, o socialismo apareceu en Inglaterra como ensaio en 1835, cando Owen, poñendo en práctica as súas ideas filantrópicas, reparte o seu capital entre os pobres. Os seus obxectivos eran máis benéficos ca democráticos. El, Saint-Simon e Fourier son os pais do denominado *socialismo utópico*.

O fundador do *socialismo científico* foi Carlos Marx. A partir del xa non se intenta tirar partido do capitalismo para favorecer os de menor poder, senón derrubalo, implantando a loita de clases e a ditadura do proletariado. Marx redactou, en 1847, o *Manifesto Comunista* e máis tarde *O capital*, libros nos que expón o seu concepto materialista da historia e defende a socialización dos medios de produción.

Máis tarde Proudhon rexeitará toda intervención do estado, favorecendo con esa actitude a aparición do anarquismo.

Contra esas novas propostas sociais reacciona a Igrexa por medio do papa León XIII, que, na súa encíclica *Rerum Novarum*, condena a loita de clases e defende a xustiza, a caridade e a moral cristiá como solucións á cuestión social.

A ciencia avanza de xeito prodixioso. Invéntanse novas máquinas e créanse novas e variadas industrias, que se sitúan nas cidades ou nos seus arredores. Isto provoca o despoboamento do campo e o crecemento das cidades, que se inzan de xente á procura de traballo e de mellores condicións de vida. Esta masa social forma o

proletariado, que presenta diversidade de problemas que haberá que abordar nos anos sucesivos.

En filosofía, o século iníciase en Alemaña coa figura de Kant (*Crítica da razón pura*, *Crítica da razón práctica*, *Crítica do xuízo*), á que segue a dos idealistas Fichte, Schelling e Hegel. En Francia, a mediados de século, o criticismo e o idealismo dos alemáns é superado polo positivismo de Comte. O Positivismo é unha exaltación da ciencia. Agora xa non hai lugar para a metafísica, nin para a filosofía, nin para a relixión. A finais de século, varias correntes volven á filosofía antirracionalista: vitalismo, fenomenoloxía e existencialismo.

No final de século vai ser de grande influencia tamén a *Teoría evolucionista* defendida por Darwin, e a interpretación dos sonhos de Freud.

Todo isto son factores que influirán na creación literaria; uns no Romanticismo e outros no Realismo.

## 2. Da narrativa romántica ao Realismo en Europa

O Realismo é un novo estilo literario que nace en Europa ao remate do Romanticismo, como consecuencia do esgotamento romántico, do rexeitamento da falsidade á que conducía a desbocada imaxinación dos escritores románticos, ao cansazo e ao movemento pendular tan propio do ser humano, que gusta de andar sempre dun lado para outro sen pararse, ás veces, nos lugares intermedios. Todo isto fai que o subxectivismo romántico (descrición das cousas pola impresión que provocan, presentación do mundo interior, lirismo, predominio da imaxinación), a atracción polo afastado no tempo e no espazo, sexan substituídos por un obxectivismo (descrición das cousas tal como son ou como parecen ser, preferencia polo mundo externo e a épica –de aí o predominio da novela–), busca do próximo no tempo e no espazo, apoiándose na observación da realidade. A novela histórica e de costumes pasa a ser novela de caracteres ou de tese.

Para ben ou para mal, a novela por antonomasia na historia da literatura universal é a que se escribe, aproximadamente, entre 1830 e a última década do século XIX, sobre todo en Francia (Balzac). É certo que Rusia produciu maior cantidade, ou que ningunha supera o *Quixote*, pero o maior número de novelas inesquecibles está en Francia, aínda que moitas delas non fosen de grande éxito no momento de apareceren. Durante cincuenta anos, en Francia, desde *Les liaisons* de Laclos ata *Le rouge et le noir* de Stendhal, dous libros que semellan coetáneos, non houbo novelas que agora poidamos considerar inmortais, pero a novelística non deixou de medrar en popularidade, á marxe da calidade.

## 3. Literatura e sociedade

O desenvolvemento da sociedade burguesa e a revolución industrial e comercial do século XIX acompañáronse dun acentuado interese polos valores materiais. Os escritores outórganlles prioridade aos detalles do cotián, reflectindo a realidade obxectiva, e dan testemuño da vida do individuo en relación coa sociedade e o ambiente en que viven.

A literatura realista ten predilección polo xénero narrativo, máis concretamente pola novela. Esta novela, no seu afán por reflectir a realidade, chega a un momento de apoxeo que algúns chaman *Naturalismo*. A novela realista e naturalista reproduce todos os aspectos da vida humana. Así, ás veces, presenta a vida provinciana

(paisaxes, costumes, personaxes...), en dúas vertentes: como modelo idealizado de vida sinxela e natural que conserva os costumes máis antigos, ou como modelo de vida difícil e cruel, que mostra a loita brutal de instintos primarios (novela naturalista); outras veces, presenta a vida da cidade (actividades e costumes de personaxes urbanos de distinto estrato social e representantes de dous mundos antagónicos: o tradicional-relixioso e o moderno-liberal. O primeiro simboliza a opresión intelectual, e o segundo, a ciencia e o progreso. E tamén presenta a historia e a política, e os conflitos sociais e existenciais. É dicir, a literatura realista é coma un espello no que se reflicte a sociedade do momento.

Historicamente, empeza entón a época da hexemonía total da burguesía, incluso na orde de valores, a época do realismo, non só en sentido estético, senón tamén en sentido mercantil e financeiro, á vez que filosófico (positivismo). Desde 1830, en Francia faise evidente o que xa era patente en Inglaterra: a literatura só conta co burgués como lector ideal e típico; se queda algún aristócrata ou se empeza a haber algún plebeo que lea, teñen que facelo desde a mentalidade burguesa. Para o burgués a novela empeza a ser a literatura por excelencia, igual ca hoxe, máis que o teatro e máis ca a poesía. Esa hexemonía da forma novelística débese á súa maior capacidade de *realismo*, termo que só se acuña esteticamente en 1850, e no eido da pintura. Ese realismo implica ser partidario do socialismo e da revolución, segundo Courbet, por amizade sincera á auténtica verdade. Ese empeza a ser o *realismo social*, ou *crítico*, distinto do aceptable para a burguesía francesa de 1830, que, coa monarquía de Luís Filipe, eludiu ao pobo no que se apoiara para o seu trunfo. O termo *realismo* vaise facendo nefando: en 1857 o fiscal que logra facer condenar *Madame Bobary* e *Les fleurs du mal* acusa a novela de Flaubert polo “realismo vulgar e a miúdo ofensivo da pintura dos caracteres” e os versos de Baudelaire por “un realismo groseiro e ofensivo para o pudor”.

O ascenso de categoría da novela dentro da literatura constitúe por si mesmo unha pequena revolución. O teatro, en cambio, vai ver ameazada a súa primacía na consideración estética e cultural, aínda que siga gozando de éxito. Stendhal eloxia a riqueza de posibilidades da novela, fronte á rudeza do teatro en 1832, e en 1834 di que desde que a democracia poboara os teatros de xentes groseiras, considera a novela como a comedia do século XIX. En Francia a relación entre literatura novelística e sociedade será sempre conflitiva, pero en Inglaterra os novelistas serán basicamente fieis á “man de ferro do mercado” —a situación rusa será particular. En Francia, a enorme expansión do público deixa en posición marxinal os bos escritores, exaltando e enriquecendo mediocridades.

A novela da época realista vive, pois, nun medio totalmente sometido ao crecente público encabezado pola burguesía, pero mentres a maioría dos casos se limita a emocionar con intrigas ou a sustentar as convencións morais da burguesía (autores hoxe esquecidos), en casos excepcionais (bos escritores) dirixe o seu odio contra a propia burguesía da que é expresión e parte, seguindo aparentemente o mesmo regulamento de xogo que a novela de éxito.

#### 4. Evolución dos temas e das técnicas narrativas do Realismo

O Realismo non aparece por oposición ao Romanticismo, senón que é a superación deste. Así o costumismo da narrativa romántica é un claro precedente da novela realista, e escritores realistas e románticos compartiron algunhas técnicas comúns. A novela realista, como resultado dun proceso de observación culmina na novela naturalista. A novela realista e naturalista quere dar testemuño científico e

rigoroso do contorno do escritor. Por iso, o escritor realista primeiro observa a sociedade e os sentimentos humanos, logo analiza o observado e, por último, experimenta a realidade nos personaxes e na sociedade da súa novela.

A novela realista e a novela naturalista presentan case os mesmos trazos, aínda que se diferencian no retrato de tipos e ambientes, e na ideoloxía subxacente da naturalista: materialismo e determinismo.

A novela realista vaise afastando do subxectivo, fantástico e sentimental ao tempo que opta por argumentos verosímiles. Na novela realista predomina a narración en terceira persoa. O narrador é omnisciente e a estrutura é lineal, con frecuentes saltos atrás, que non ofrecen ao lector dificultade algunha. Retrátanse personaxes da burguesía e da clase media (novela realista) ou marxinais e obreiros (novela naturalista). Dos personaxes fanse verdadeiros retratos, describindo detalladamente os trazos físicos, psíquicos e morais. Os ambientes preferidos son os da refinada burguesía ou o mundo dos obreiros, pero a novela naturalista presenta ambientes máis miserables e dramáticos.

O estilo é sobrio e preciso, a prosa, ás veces descoidada, pretende reflectir a realidade social dos personaxes. Por iso utilizan distintos rexistros, mesmo xiros locais e xergas.

Diante da sociedade, o autor presenta unha actitude crítica e analítica, denunciando situacións de inxustiza e vicios da clase burguesa. A novela é unha arma de loita social e política.

Na mesma década de 1830, en que a burguesía francesa asome o poder, empeza a esbozarse o crecemento dunha nova clase social: o pobo traballador. Os escritores tenden vagamente cara ao *socialismo romántico*. O escritor francés intenta asumir un papel crítico pero, a partir do fracaso dos movementos de 1848, refúxíase na conciencia da súa propia xenialidade e da sublime excelencia da *arte pola arte*. Se o estado de ánimo da burguesía non deixa entón de ser enerxicamente sombrío, aínda coas súas grandes expectativas de logros materiais, e nihilisticamente agnóstico en canto a todo valor ou crenza transcendente, o estado de ánimo do escritor de entón é totalmente pesimista. Poñer un final feliz nunha novela significa que o escritor claudicou diante da presión dos poderes sociais e do mercado, e, polo tanto, é máis inevitable en Inglaterra ca en Francia: Dickens, por instinto literario, tende a miúdo ao final trágico, pero o seu público non llo permite case nunca, por iso lle salva a vida a algunha inocente heroína á que pensaba facer sucumbir.

Nesta novelística, non chega a haber un fatalismo trágico, ao modo clásico, é dicir, separado do carácter e da moralidade persoal; pola contra, a derrota do individuo fronte á circunstancia social ten interese porque se presenta a ese individuo na súa completa riqueza de matices persoais: bos, malos, ou simplemente curiosos, pero todos eles formando parte dunha unidade insubstituíble, que se expresa incluso na súa indumentaria e no ambiente, mobiliario incluído. Pero, sobre todo, onde máis se manifesta a unidade e o valor de cada carácter persoal é na loita económica, porque non é tanto loita de clases canto loita interna entre a mesma clase, onde prevalece, *darwinianamente*, quen mellor se adapta ao medio do negocio e o diñeiro: a clase aristocrática conta na medida en que entra no xogo burgués; os de menor recursos a penas están considerados como clase.

Sobre ese traspondo da gran loita entre a sociedade e o individuo, compréndese a excepcional importancia do tema do adulterio: todo matrimonio burgués, aínda cando non se presente tan claramente arranxado como no caso

francés e polo contrato notarial entre familias que botan as súas contas en tal investimento de capitais, adoita ser algo imposto polas conveniencias sociais. A muller sen liberdade nin actividade, queda así nun baleiro onde tende a soñar coa grande evasión do amante como salvación, e, á vez, como rebelión, aínda que sexa oculta. Así en moitas das mellores novelas realistas destacan os protagonistas femininos (*Madame Bobary*, *Anna Karenina*, *A Rexenta*, *Effi Briest*, *O curmán Basilio*...).

O novelista da época realista ten, pois, unha actitude analítica e crítica diante do panorama social, que lle permite, á vez, distanciarse do que conta e volver sobre o seu propio traballo. No primeiro sentido, díxose del que é *un historiador do presente*. No outro sentido, o novelista, pola súa mesma distancia de enxuízamento, adquire tamén unha nova distancia estética, que o inclina ao silencio persoal para mostrar mellor o que ocorre.

En todo caso, as diferenzas de calidade artística e de intención crítica non representan entón grandes diferenzas en canto á lexibilidade, ao poder de suxeitar ao lector para que siga ata o final. Aínda coa morosidade visualizada de Flaubert, ou coa inmensidade da carga de accións e personaxes de Tolstoi de *Guerra e paz*, a novela desa época, co seu argumento ben trabado e a súa transparencia nas paixóns, segue ofrecendo, quizais, a lectura máis atractiva, aínda que non sempre a máis valiosa, de toda a historia.

## 5. Principais novelistas europeos do século XIX

### 5.1. En Francia

Os máis importantes novelistas franceses da época realista son:

- Henri Beyle ("Stendhal") (1783-1842), autor de dúas grandes novelas, *O encarnado e o negro* (*Le rouge et le noir*, 1830) e *A Cartuxa de Parma* (*La chartreuse de Parme*, 1796);
- Honoré de Balzac (1799-1850), que reuniu toda a súa obra baixo o título de *Comedia humana* (*Comédie humaine*), título que decidiu darlle en 1842;
- Gustave Flaubert (1821-1880), autor de obras capitais para o realismo como *A tentación de San Antón* (1849), e sobre todo *A señora Bobary: costumes de provincias* (*Madame Bobary: mœurs de provinces*, 1857) e *A educación sentimental* (1869);

Os escritores franceses da época naturalista son:

- os irmáns Goncourt: Edmond (1822-1896), e Jules (1830-1870), autores de *Charles Demailly* (1860), *Irmá Filomena* (*Soeur Philomène*, 1861) e *Germinie Lacerteux* (1864);
- Emile Zola (1840-1902), autor de *Os Rougon-Macquart* (Historia natural e social dunha familia durante o Segundo imperio), *Nana* (1880), *Germinal* (1885), *A taberna / O matadeiro*;
- outros escritores son menos importantes: Guy de Maupasant (1850-1893), autor de contos, e Alphonse Daudet (1840-1897), autor de *Tartarín de Tarascón*, *Tartarín nos Alpes* e *Cartas do meu muíño*.

### 5.2. En Inglaterra

En Inglaterra os narradores máis relevantes desta época son:



- Charles Dickens (1812-1870), autor de *Papeis póstumos do clube Pickwick*, *Oliver Twist*, *Nicholas Nickleby* (1839), *Barnaby Rudge*, *O almacén de antigüidades*, *Martin Chuzzlewitt* (1844), *Canción de Navidade*, *David Copperfield*, *Dombey e fillo* (1848), *Casa desolada*, *Tempos difíciles* (1854), *A pequena Dorrit*, *Grandes esperanzas*, entre outras obras;
- William Makepeace Thackeray (1811-1863), autor de *O libro dos snobs* (1847), e *A feira da vaidade* (1848);
- as irmás Brontë: Charlotte (1816-1855), autora de *Jane Eyre* (1847), *Shirley* (1849), *Villette*, e *O profesor*; Emily (1818-1848), autora de *Cumes bretemosas* (1847);
- Anne (1820-1849), autora de *Agnes Grey* e *O arrendatario de Wildfell*;
- Mary Ann Evans ("George Eliot") (1819-1880), autora de *Escenas da vida clerical*, *Adam Bede* (1859), *O muíño no Floss* (1860), *Silas Marner* (1861), e *Middlemarch* (1872);
- outros autores resúltannos hoxe descoñecidos porque son de menor importancia, aínda que algunha novela soa por ser levada ao cine. Así *Os últimos días de Pompeia* de Edward George Bulwer-Lytton (1803-1873), *A dama de branco* de Wilkie Collins (1824-1889) ou *O rector* de Anthony Trollope (1815-1882).

### 5.3. En Rusia

O Realismo ruso conta con grandes novelistas:

- Nikolai Vasílievich Gógol (1809-1852), autor de volumes de relatos como *Veladas nun caserío xunto a Dikanka* (1832), *Mírgorod*, *Arabescos*, *Almas mortas* (1842), e dunha novela *Taras Bulba*;
- Iván Alexándrovich Goncharov (1812-1891), autor de *Historia vulgar* (1847), *Oblómov* (1851), e *O declive* (1869);
- Iván Serguéievich Turguénev (1818-1883), autor de *Rudín* (1856), *Niñada de fidalgos* (1859), *Véspera* ((1859), *Pais e fillos* (1862), *Fume*, *Terra virxe*, *Augas primaverais* (1871);
- Fiódor Mixáilovich Dostoievski (1821-1881), autor de *Pobre xente* (1846), *O dobre* (1846), *Noites brancas* (1848), *Apuntes da casa morta* (1862), *Humillados e ofendidos*, *Apuntes do subsolo* (1864), *Crime e castigo* (1866), *O xogador*, *O idiota* (1869), *Endemoniados* (1872), *O adolescente* (1875), *Diario dun escritor*, *Os irmáns Karamázov* (1880);
- Liev Nikoláievich Tolstói (1828-1910), autor de *Esbozos de Sebastopol* (1868), *A tormenta de neve* (1856), *Dous húsares* (1856), *A felicidade conxugal* (1859), *Guerra e paz* (1863-1869), e *Ana Karenina* (1877).

### 5.4. En Italia

A novela realista italiana segue a Zola ou a Balzac. Entre os escritores máis representativos poderíamos sinalar a Ippolito Nievo (1831-1861), autor de *As confesións dun italiano*; Giuseppe Rovani (1818-1874), autor de *Cen anos* (1850); Cletto Arrighi, autor de *Nanà a Milano*; ou Alfredo Oriani. O esforzo destes tres autores é continuado por Girolamo Rovetta (1851-1910), autor de *Le lagrime del prossimo* (1888) e *La baraonda* (1894); Matilde Serao (1856-1927), autora de *O país de Cucaña*

(1891); Luigi Capuana (1839-1915), autor de *Perfís de mulleres* (1877) e *Giacinta* (1879); e Giovanni Verga (1840-1922), autor de *Storia de una capinera* (1871), *Eva*, *Tigre reale* (1873), *Eros*, *Il marito di Elena*, *Nedda* (1874), *Os Malasangue* (1881), e *Os Malagana* (1881), *Mastro don Gesualdo* (1889), *Vida dos campos*, *Relatos rústicos* (1883); Carlo Lorenzini (1826-1890), autor de *As aventuras de Pinocho* (1883).

### 5.5. En Alemaña

En Alemaña a penas chega a haber realismo, aínda que a historiografía literaria aplica a miúdo a etiqueta de *realismo burgués* á narrativa da época de Bismarck. Desta época son varios novelistas, en cuxos relatos, de vez en cando, vemos algún elemento realista, pero só merece a pena citar a Theodor Fontane (1819-1898), autor de novelas, na súa madurez, como *Antes da tormenta* (1878), *Irreparablemente* (1891), *Effi Briest* (1893) ou *Der Stechlin* (1898).

### 5.6. En Portugal

En Portugal debemos salientar as figuras de Camilo Castelo Branco (1825-1890), autor de novelas románticas (*Amor de perdición*, 1862) e realistas (*A brasileira de Prazins*, 1882); José María Eça de Queiroz (1845-1900), autor de *O crime do padre Amaro* (1875), *O curmán Basilio* (1878), *Os maias* (1888), *A ilustre casa de Ramires* (1897), *A cidade e as serras* (póstuma, 1901); e outros de menor transcendencia.

### 5.7. En Brasil

En Brasil obsérvanse nesta época de narrativa postromántica dúas etapas: unha de predominio costumista e outra realista, pero non sempre urbana, senón con motivos autóctonos de xeografía e de clima:

- No primeiro sentido, debe lembrarse a Manuel Antonio de Almeida (1830-1861), autor de *Memorias dun sarxento de milicias*; e sobre todo Joaquín María Machado de Asís (1839-1908), autor de *Memorias póstumas de Braz Cubas* (1891), *Quincas Borba* (1891) e *Don Camurro* (1900).
- Na segunda etapa destacan escritores cunha versión do realismo máis próxima á natureza (Afonso Arinos, Euclides da Cunha). Esta tendencia acentúase no primeiro terzo do século XX con escritores como Xosé Pereira da Graça Araña.

### 5.8. En Hispanoamérica

Algúns dos narradores e obras máis salientables da literatura hispanoamericana da época son: o chileno Alberto Blest Gana, autor de *Martín Rivas* (1862); o colombiano Jorge Isaacs, autor de *María* (1867); o mexicano Ignacio Manuel Altamirano, autor de *Clemencia* (1869); o cubano Cirilo Villaverde, autor de *Cecilia Valdés* (redactada desde 1839 a 1882); e o arxentino Lucio Vicente López, autor de *A gran aldea* (1884). Estas cinco novelas serían moi significativas da narrativa do século XIX. As tres primeiras son novelas románticas, as outras son realistas.

### 5.9. En España

En España, os principais novelistas do realismo ou realismo de apoxeo, como se prefire chamar a época naturalista, son:



- Cecilia Böhl de Faber ("Fernán Caballero") (1796-1879), autora de *A gaivota* (1849);
- José María de Pereda (1833-1906), autor de *O sabor do terruño* (1881), *Pedro Sánchez* (1883), *Penedos arriba* (1894), *Sotileza* (1884);
- Pedro Antonio de Alarcón (1833-1891), autor de *O sombreiro de tres picos* (1874), e *O capitán veleno* (1881);
- Juan Valera (1824-1905), autor de *Pepiña Ximénez* (1874), *Dona Luz* (1879), *Xoaniña a Longa*;
- Benito Pérez Galdós (1843-1920), autor de *A fontana de ouro* (1868), *O audaz: historia dun radical de antano* (1871), *A sombra* (1871), dúas primeiras series dos *Episodios nacionais* (1873-1879), *Dona Perfecta* (1876), *Gloria* (1876-1877), *A familia de León Roch* (1878), *Marianela* (1878), *A desherdada* (1881), *O amigo Manso* (1882), *O doutor Centeno* (1883), *Tormento* (1884), *A de Bringas* (1884), *O prohibido* (1884-1885), *Fortunata e Xacinta* (1887), *Miau* (1888), *Torquemada* (1889-1895), *Anxo Guerra* (1890-1891), *Tristana*, *Nazarín* (1895), e *Misericordia* (1897), en 1898 retoma a redacción dos *Episodios nacionais* (tres series);
- Leopoldo Alas ("Clarín") (1852-1901), autor de *A Rexenta* (1884-1885), *O seu único fillo*, e *Dona Berta*;
- Emilia Pardo Bazán (1851-1921), autora de *Unha viaxe de noivos* (1881), *A tribuna* (1882), *Os pazos de Ulloa* (1886), *A nai natureza*, *Insolación*, *Morriña*, *A serea moura*, *A cristiá*, e *A proba*;
- Vicente Blasco Ibáñez (1867-1929), autor de *Arroz e tartana*, *A barraca*, *Canas e barro*, *A catedral*, *O intruso*, *Sangue e area*, *Os mortos mandan*, *Os catro xinetes do Apocalipse*, *Mare Nostrum*, *A terra de todos*, *O Papa do mar*.

### 5.10. En Galicia

En Galicia os narradores de fins de século sitúanse entre o Romanticismo e o Realismo, como xa quedou apuntado no seu momento. Por ese motivo, volveríamos citar a Marcial Valladares, autor de *Maxina ou a filla espúrea* (1880); Antonio López Ferreiro (1837-1910), autor de *A tecedeira de Bonaval* (1894), *O castelo de Pambre* (1895), *O niño de pombas* (1905); Lamas Carvajal ou mesmo a Heraclio Pérez Placer, autor de tres libros de contos, ou a Francisco Álvarez de Nóvoa, autor dun libro de contos titulado *Pé das burgas*.

### 6. Os personaxes femininos nalgunhas das obras máis representativas

Moitos dos escritores que citamos escribiron novelas protagonizadas por personaxes femininas. Abonde lembrar títulos como *A señora Bobary*, *Irmá Filomena*, *A pequena Dorrit*, *Jane Eyre*, *Agnes Grey*, *A dama de branco*, *Ana Karenina*, *Perfís de mulleres*, *Giacinta*, *Storia de una capinera*, *Eva*, *Effi Briest*, *María*, *A pródiga*, *Sotileza* (protagonizada por Silda), *Dona Luz*, *Xoaniña a Longa*, *Xenio e figura* (protagonizada por Rafaela), *Pepita Ximénez*, *A Raíña Mártir*, *A rexenta*, *Misericordia*, *Marianela*, *Fortunata e Xacinta*, ou *Maxina ou a filla espúrea*. Con todo, fixemos a atención nalgunhas das personaxes que protagonizaron as historias de ficción máis relevantes:

**A señora Bobary** (*Madame Bobary*) está protagonizada por Emma, segunda esposa do viúvo Charles Bobary, filla dun campesiño rico e educada nun colexio elegante, con moitas lecturas clandestinas de novelas sentimentais. Chea de fantasías románticas, Emma abúrrase xunto ao seu marido, e sente indiferenza ante o nacemento dunha filla, que confía a unha ama de cría campesiña, fóra da casa. Dela namórase León, pasante de notario, pero sen éxito; con todo, ao marchar do pobo déixalle unha estela de nostalxia. Agora réunese cun elegante veciño, Rodolphe, todas as noites no xardín. Emma, entusiasmada, proponlle fuxir, pero el bótase atrás e acaba deixándoa. Isto ocasiónalle a ela unha grave enfermidade, á que segue unha época de intensa devoción. Nunha viaxe a Ruán atopa a León e entrégase a el. Despois volve velo de vez en cando, en viaxes que xustifica con presuntas leccións de piano. Emma lánzase á elegancia e ao luxo e contrae gran cantidade de débedas sen que o saiba o esposo. De pronto, o prestamista reclama os seus haberes. Ela pide axuda a León e a Rodolphe, pero non a atopa en ningún. Desesperada suicídase. O marido coñece aquelas aventuras despois de morta, encontra a Rodolphe e di non gardarlle rancor; ao día seguinte morre de repente.

**Jane Eyre** protagoniza a novela do mesmo título e da autoría de Charlotte Brontë. Trátase dunha institutriz de familia pobre, que inspira a paixón do pai da súa alumna, o rudo Rochester, pero, cando vai casar con el, dáse de conta de que xa está casado cunha rica crioula que toleou. Trala dramática fuxida de Jane polas landas, e o incendio de Thornfield Hall, onde Rochester intentara en van salvar a súa muller, Jane casa co home ao que ama, que quedou cego e mutilado. Esta novela ten moitos elementos románticos aínda.

**Ana Karenina** é a protagonista desta novela de Tolstoi. É a muller de Alexandr Alexandrovich Karenin co que ten un fillo, pero déixase seducir por un brillante e superficial militar, Vronski. O marido, ao sabelo, móstrase disposto a perdoar e aínda a transixir, con tal que se garden as aparencias. Vronski, agoniado por aquel proceder, pégase un tiro, pero non morre. Cúrase e retoma as relacións con Ana, co que se fai precisa a separación do matrimonio. Cando Ana está a piques de ter un fillo de Vronski, séntese en perigo e chama o seu exmarido, que a perdoa. Sálvase Ana e os amantes avergonzados foxen ao estranxeiro. Despois volven a San Petesburgo, onde Ana é desprezada pola sociedade. Isto e a negativa de Karenin ao divorcio e a sospeita de que Vronski se está cansando dela lévana ao suicidio. Paralelamente, hai outras historias de amor máis exemplares.

**Effi Briest** é unha adolescente de dezaseis anos que acepta a proposta matrimonial de Geert von Instetten, de preto de corenta anos, do que case unicamente sabe que foi pretendente de súa nai. Effi segue o seu esposo a Kessin, onde este exerce as súas altas funcións administrativas, nunha vasta mansión onde ten que acostumarse á vaga semipresencia ocasional da pantasma dun chino, que morreu alí, nunha escura historia de amor romántico. Instetten, sen negar nin afirmar a pantasma, non quere cambiar de casa por non quedar como medorento diante da pequena sociedade que rexe. Effi ten unha filla, e toma, para coidala, a Roswitha, unha muller cun doloroso pasado de seducida. O novo xefe militar daquelas terras, comandante Von Crampas, da mesma idade ou pouco máis que Instetten, vai dominando a Effi. Vaise deixando entrever a crecente relación amorosa entre eles, que, con todo, Effi se sentirá aliviada de interromper cando Instetten marcha destinado a Berlín. Case sete anos despois, Instetten descobre casualmente unhas vellas cartas amorosas de Crampas; tras consultar con algunha persoa de autoridade no seu estamento, decide que a ofensa segue en vigor: busca a Crampas e mátao en dó. Effi ten que deixar a casa para languidecer, só consegue levar a Roswitha e o can. A súa propia filla

móstrase fría e distante, nalgunha visita. Effi volve vivir con seus pais e morre xunto a eles de febres nerviosas.

**María:** novela de J. Isaacs que relata en primeira persoa por parte do protagonista masculino (Efraím) os amores de María e Efraim, curmáns, de orixe semita, que, tras compartir o seu incipiente amor no val de Magdalena, vense separados. O rapaz ten que realizar unha viaxe a Londres e á volta atopa morta a María.

**A pródiga** é unha novela de Pedro Antonio de Alarcón que relata os amores adúlteros de Xulia, a pródiga, con Guillermo de Loxa. O novelista trata, en van, de xustificar o adulterio.

**Sotileza:** novela de Pereda protagonizada por Silda, unha nena orfa de exquisita limpeza e pulcritude. É a historia dunha alma nobre.

**Pepiña Ximénez:** Novela de Juan Valera. A acción transcorre nun ambiente rural andaluz, onde o seminarista Luís de Vargas, antes de recibir as ardes, vai pasar uns días co seu pai. Este está a punto de deixar a súa viuvez para casar coa virtuosa e fermosa Pepiña Ximénez, moza viúva dun octoxenario. Luís e Pepiña son presentados e namoran. Luís inhíbese, pero Pepiña aléntao e, cando aquel se dispón a confesar a situación a seu pai, este, xa sabido, acepta a relación de seu fillo coa súa ex-prometida. Esta obra destaca polo estudo psicolóxico dos personaxes.

**Xoaniña a Longa:** é a historia dunha nova fermosa da que se namora un cincuentón.

**A brasileira de Prazins:** novela de Castelo Branco que consta de dous episodios. O primeiro é unha novela pasional e relata os amores e casamento de Marta. Esta está namorada de José Dias, estudante morto pola tise. Marta, que estaba perdidamente namorada, vivía introvertida, e a pesar da separación da Eternidade, continuaba vendo o estudante en todos os seus pensamentos. O corpo (e só iso) tivo que entregarllo ao tío Feliciano en casamento imposto polo pai ambicioso. No segundo episodio encaixa o autor a historia do falso D. Miguel, un aventureiro famento que nalgunhas terras do Miño se faría pasar polo exiliado Rei Absoluto, para conspirar.

**A Raíña Mártir.** Obra do padre Coloma que relata a historia de María Estuardo.

**A rexenta:** é unha novela de "Clarín" protagonizada por Ana Ozores. Ana foi criada por unhas tías que lle queren buscar un marido á altura da súa beleza. Despois de pasar por certas inclinacións ao estado relixioso, acepta casar cun maxistrado case cincuentón, don Víctor. Este, retirado logo como Rexente da Audiencia de Vetusta, non se mostra bastante atento aos atractivos da súa muller, e entrégase á lectura de Calderón, así como á caza, na que o acompaña un sinxelo amigo, Fríxilis. Ana, acosada polo máis brillante sedutor local, Álvaro Mesía, acóllese ao influxo espiritual do cóengo don Fermín de Pas; pero, ao sospeitar que este ten cara a ela sentimentos demasiado humanos, acaba inclinándose cara don Álvaro, ante o cal o cóengo coñecerá a súa propia paixón. As visitas nocturnas de don Álvaro a Ana quedan á vista de don Víctor, por obra da criada da casa, Petra, informadora do cóengo e desexosa de vingarse de Álvaro, que a seducira como xeito de aproximación á Rexenta. Don Víctor desafía a Álvaro e morre no dó. A Rexenta sobrevive envolta no desprezo xeral de Vetusta.

**Misericordia:** nesta obra de Galdós a vella criada Benina sustenta a súa arruinada señora, primeiro co que lle colleu durante moitos anos; despois, pedindo esmola, mentres deixa crer á súa ama que fai de criada na casa dun cura. Tamén ten que atender unha neurótica filla da señora e un ancián e ex elegante parente desta,

don Frasquito. Benina, mendigando, chega a ser amada platonicamente por un cego marroquí, Almudena, que sente celos do pobre don Frasquito. Un día, os gardas encerran a Benina e a Almudena nun centro de reclusión de mendigos; mentres, a señora e don Frasquito reciben a nova dunha grande herdanza. Don Frasquito, sabido do de Benina, faina deixar libre a ela e mais a Almudena. Pero este ten unha rara enfermidade da pel. Na casa da señora, agora dominada por unha enérxica nora que antes permanecera afastada, non se lle permite xa a entrada a Benina, con pretextos de perigo de contaxio, e só se lle promete algún diñeiro e sobras de comida. Don Frasquito, horrorizado pola ingratidade que observa, morre dun ataque. Na familia, agora rica, non hai máis ca tristeza, sen Benina: a mesma nora cre que os seus fillos van enfermarse e morrer. Por iso visita a Benina, convencida de que será suficiente que esta lle prometa que os fillos seguirán sans, para que así sexa. “Vaite á túa casa e non volvas pecar” é o que lle di Benina.

**Marianela:** esta obra de Galdós está protagonizada por unha moza fea, raquítica e ignorante, pero de alma nobre e fermosa, da que se namora un cego.

**Fortunata e Xacinta:** trata dos amores adúlteros de Fortunata con Xoán Santa Cruz, que está casado con Xacinta.

**Maxina ou a filla espúrea:** obra de Marcial Valladares que presenta a historia de Otilia, muller que asiste a un baile de máscaras no teatro de Santiago. A media noite entra no teatro a comparsa dos “manetizadores”. Un dos da comparsa levou a Otilia a un gabinete non moi alumeado e abusou dela. Tempo despois, atopárase embarazada sen coñecer a identidade do causante deste estado. Ao final sábese quen é o pai e o autor conduce o relato cara a un final feliz: Otilia e Salvio poden reunirse e vivir tranquilos. Todo é ledicia na casa de Sancti-Petri, esperamos xa a voda, cando, de súpeto, aparece un remate inesperado: Otilia tolea.

## 7. Selección de textos [material de obrigada lectura]

A continuación presentámosche un conxunto de textos representativos das distintas producións literarias mencionadas ao longo da unidade. Lembra que a súa lectura é obrigatoria, e que sobre eles traballarás tanto nos exercicios correspondentes a esta unidade (de autoavaliación, de apoio e de envío ao titor) como no propio exame.

### (1)

«O mozo provinciano Frédéric Moreau chega a París para estudar dereito, e na capital vacila entre as tres tendencias que predominan nos círculos que frecuenta: a dos que cifran toda a súa ambición na arte, a dos que só aspiran a facer fortuna e a dos que, coma o seu amigo Deslauriers, soñan co poder. A evolución moral do protagonista vese representada polo tipo de relación que mantén con tres mulleres moi distintas: ao amor platónico e puro que o une a Madame Arnoux sucédelle o amor sensual por Rosanette; finalmente, as súas relacións con Madame Dambreuse non teñen outro móbil que a ambición e a medra persoal. Esta tripla “educación sentimental” foise desenvolvendo ao longo de 27 anos, desde 1840 en que o mozo chegou a París, ata 1867 en que Frédéric e o seu amigo Deslauriers repasan a historia das súas vidas: neste tempo viviron intensas experiencias persoais e político-sociais, pero un no amor e outro na súa ambición de poder séntense fracasados, a súa experiencia só serviu para que agora puideran comprobar fría e serenamente a súa decepción e a inanidade de todas as aspiracións humanas.

Viaxou.

Coñeceu a melancolía dos paquebotes, os fríos amenceres baixo a tenda a vertixe das paisaxes e das ruínas, a amargura das simpatías interrompidas.

Regresou.

Frecuentou a boa sociedade e tivo aínda outros amores. Pero a lembranza continua do primeiro facíao insípido; e, ademais, a vehemencia do desexo, a flor mesma da sensación apagárase e murchárase. As súas aspiracións espirituais diminuíran igualmente. Pasaron os anos, e el soportaba a ociosidade da súa intelixencia e a inercia do seu corazón.

Cara a fins de marzo de 1867, ao atardecer, estaba só no seu gabinete cando entrou unha muller.

– Señor Arnoux!

– Frédéric!

Ela colleulle as mans, atraeuno suavemente cara a ventá, e mirábo repitindo unha e outra vez:

– É el! É el!

Na penumbra do crepúsculo, el só vía os ollos baixo o veo de encaixe mouro que lle ocultaba o rostro.

Ela depositou ao bordo da cheminea unha pequena carteira de veludo granate e sentou. Os dous permaneceron sen poder falar, sorrindo mutuamente.

Á fin puido el facerlle un bo número de preguntas acerca dela e do seu marido.

Vivían no fondo da Bretaña para asegurarse unha maior economía e poder pagar as súas débedas. Arnoux, case sempre enfermo, parecía agora un ancián. Súa filla casara e estaba en Burdeos, e seu fillo, de gornición en Mostaganem.

Ela levantou a cabeza.

– E agora volvo velo. Que felicidade!

Non deixou el de dicirlle que, ao ter novas da súa catástrofe, se precipitara á súa casa.

– Sabíao.

– Como?

Ela vírao no patio e escondérase.

– Por que?

Entón cunha voz tremente e con grandes intervalos entre as súas verbas, dixo:

– Tiña medo. Si..., medo de vostede... e de min.

Esa revelación produciulle un estremecemento de voluptuosidade. O seu corazón latexáballe con forza. Ela proseguíu dicindo:

– Escúseme que non viñera antes.

E designando a pequena carteira granate bordada con palmas de ouro:

– Bordeina para vostede expresamente. Contén esa suma que garantizaban os terreos de Belleville.

Frédéric agradeceulle o regalo e reprendeuna por terse molestado.

– Non, non é por iso polo que vin. Para min era moi importante facer esta visita..., agora podo volver alí.

E faloulle ela do lugar no que habitaba.»

(Flaubert. *A educación sentimental*)



(2)

Nun principio, a obra debía ser unha narración inspirada nos gravados que realizara Robert Seymour acerca dun “Club Nimrod” de cazadores comicamente inexpertos, pero o texto non tardou en impoñerse á súa ilustración. Ao redor do protagonista agrúpase un club de extravagantes personaxes, cuxas peripecias, narradas con gran sentido do humor, poden interpretarse coma unha sátira da filantropía. A figura máis notable da novela, despois de Pickwick, é a do seu criado Sam Weller.

«Capítulo XL. *Que presenta ao señor Pickwick unha nova escena, nada exenta de interese, do grande drama da vida.*

(...)

O señor Pickwick obedeceu á invitación e sentou; entón Sam Weller, que estaba de pé tras do seu respaldo, murmurou que iso quería dicir que o ían someter á inspección dos diferentes carcereiros dos visitantes.

– Bo, Sam –dixo o señor Pickwick–, entón gustaríame que viñeran xa os artistas. Este é un sitio máis ben exposto ao público.

– Non tardarán, señor, supoño –contestou Sam–. Mire: un reloxo de pesas.

– Si, xa o vexo –dixo o señor Pickwick.

– E unha gaiola cun paxaro, señor –dixo Sam–: rodas dentro de rodas; un cárcere dentro dun cárcere. Non é verdade, señor?

– Mentres Sam Weller facía esta observación filosófica, o señor Pickwick deuse de conta de que empezaba a sesión. O carcereiro gordo, relevado do seu posto na entrada, sentou e mirouno de xeito descoidado de vez en cando, mentres un home alto e fraco, que o relevara, meteu as mans debaixo dos faldróns da casaca, e, plantándose fronte a el, ollouno longamente. Outro señor de aspecto máis ben agre, que ao parecer fora molestado mentres tomaba o té, pois estaba acabando cos últimos restos dunha torrada con manteiga cando entrou, situouse cerca do señor Pickwick, e, poñendo as mans nas cadeiras, inspeccionouno de preto, mentres outros dous se mesturaban co grupo e estudaban os seus trazos con caras atentas e pensativas. O señor Pickwick pestanexou moi baixo a operación e pareceu estar incómodo no seu asento; pero non fixo ningunha observación mentres duraba, nin sequera a Sam, que estaba apoiado no respaldo do asento, reflexionando, en parte, sobre a satisfacción que lle proporcionaría lanzar un asalto feroz contra todos os carcereiros alí reunidos, un tras doutro, se fose legal e pacífico o facelo así.

Por fin o retrato quedou concluído, e o señor Pickwick foi informado de que agora podía pasar a prisión.»

(Dickens. *Os papeis póstumos do clube Pickwick*)

(3)

A trama apóiase en dúas familias nobres (Bolkonski e Rostov), e a figura do conde (bastardo lexitimado, Pierre Bezújov. O vello príncipe Bolkonski vive no campo coa súa filla María; o seu fillo Andréi, ao se ir á guerra, encoméndalle á súa muller, próxima a dar a luz. Andréi, gravemente ferido en Austerlitz, volve, pero a súa muller morre, e el entón namórase de Natasha Rostov (cuxo irmán Nikolái casa con María Bolkonski). Pero Natasha desdeña a Andréi, abraida polo brillante Anatoli Kuragin; logo desengánase deste, pero Andréi morre en combate e Natasha sente remordementos por non o ter comprendido, á vez que ha de lamentar a morte dun irmán seu menor, Petia. As forzas francesas ocupan Moscova. O conde Pierre Bezújov, que casara sen amor e se separara da súa frívola muller, planea matar a Napoleón, pero foi feito prisioneiro. Nesa situación recibe profundas leccións morais dun

campesiño soldado, Platón Karatáiev. Por fin Rusia queda libre, e Pierre atopa o grande amor da súa vida en Natasha Rostov, madurada por tantas mortes e dores.

XX

(...)

«Era o príncipe Andréi. O primeiro que viu ao chegar ao sitio ocupado polos canóns de Tushin foi un cabalo desenganchado cunha pata rota, que rinchaba con mágoa xunto aos tiros das pezas. O sangue manáballe coma dunha fonte. No medio dos avantréns xacían varios cadáveres. Mentres se achegaba, varios proxectís pasáronlle por riba; un estremecemento nervioso correulle polas costas. Pero o temor de sentir medo reanimouno axiña. “Non podo ter medo”, pensaba; e botou o pé a terra sen présas, entre os canóns. Deu a orde, e non abandonou a batería. Decidira que retiraran os canóns na súa presenza. Xunto con Tushin, camiñando entre os cadáveres e baixo o terrible fogo dos franceses, ocupábase en dispoñer as pezas para a retirada.

– Vostede non é como o de antes; veu un coronel e volveuse máis que de présa –dixo o suboficial ao príncipe Andréi–. Non é coma a súa excelencia.

O príncipe Andréi non falaba con Tushin. Tan ocupados estaban ambos, que se diría que non se viran. Despois de engonzar os dous canóns intactos sobre os seus avantréns emprenderon o descenso (abandonaban as outras dúas pezas, xa inservibles). Entón Bolkonski acercouse a Tushin.

– Ea, deica logo! –dixo, tendendo a man ao artilleiro.

– Abur, querido –respondeu Tushin–. Adeus, querido! –repetiu, e, sen saber por que, os ollos enchéronse de bágoas.»

(Tolstoi. *Guerra e paz*)

(4)

O recentemente ordenado sacerdote, Xulián, vai, como capelán e presunto administrador, ao pazo de Ulloa, residencia de don Pedro Moscoso, que se fai chamar marqués. Pero alí o verdadeiro señor é o mordomo, Primitivo, cacique da comarca, cuxa filla Sabel tivo un fillo con don Pedro. Xulián, intentando reformar aquela situación, convence a don Pedro para que se case: así o fai, cunha moza parente súa, Marcelina, á que trae da cidade. Pero cando Marcelina ten unha nena, en vez do desexado herdeiro varón, don Pedro volve aos seus enredos con Sabel. Marcelina, aínda trata de aceptar o descubrimento do fillo que don Pedro tivera con Sabel, vese cada vez máis esquecida: só atopa comprensión e consolo no mozo capelán. Este, compadecido, chega a facerse o seu cómplice e o seu acompañante, cando ela foxe de alí, desesperada. O escándalo é enorme, sobre todo dadas as aparencias pecaminosas. Marcelina acaba por morrer de tristeza, deixando a súa filla soa no pazo; o imprudente capelán é enviado a unha escondida aldea.

«Á misa, na capela remozada, asistía sempre Nucha, oíndoa toda de xeonllos, e retirándose cando Xulián daba grazas. Sen volverse nin distraerse na oración, Xulián coñecía o instante en que se erguía a señorita e o ruído imperceptible das súas pisadas sobre o chan novo. Certa mañá oíuno. Este feito tan sinxelo privouno de rezar con sosego. Ao levantarse viu a Nucha tamén en pé, co índice sobre os beizos. Perucho, que axudaba a misa con desembarazo notable, dedicábase a apagar os cirios valéndose dunha longa cana. A ollada da señorita dicía elocuentemente: “Que se vaia ese neno”.

O capelán ordenou ao acólito que despexase. Tardou este algo en obedecer, deténdose en dobrar a toalla do lavatorio. Á fin, foise, non moi do seu agrado. Enchía a capela olor de flores e verniz fresco; polas ventás entraba unha luz quente que cribaba cortinas de tafetá carmesí; e

as carnes dos santos do altar adquirían aparencia de vida, e a palidez de Nucha arrubiábase artificialmente.

– Xulián? –preguntou con imperioso acento, estraño nela.

– Señorita... –respondeu el en voz baixa, por respecto ao lugar sagrado. Treméronlle os beizos, e as mans arrefriáronselle, pois creu chegado o terrible momento da confesión.

– Temos que falar. E ha de ser aquí, por forza. Noutras partes non falta quen asexe.

– É verdade que non falta.

– Fará vostede o que lle pida?

– Xa sabe que...

– Sexa o que sexa?

– Eu...

A súa turbación crecía; o corazón latexáballe con xordo ruído. Recostouse no altar.

– É preciso –declarou Nucha, sen apartar del os seus ollos, máis que vagos, extraviados xa– que me axude vostede a saír de aquí. Desta casa.

– A..., a... saír... –tatexou Xulián, apalermado.

– Quero marchar. Levar a miña nena. Volver co meu pai. Para conseguilo hai que gardar o segredo. Se o saben aquí, encerraranme con chave. Apartaranme da pequena. Sei de fixo que a matarán.»

(Emilia Pardo Bazán, *Os pazos de Ulloa*)